

# CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
1407/2024	A Xunta de Goberno Local	20/05/2024

María Jesusa Fernández Bascuas, en calidade de secretaria deste órgano,

## CERTIFICO:

Que, na sesión da Xunta de Goberno Local celebrada na data arriba indicada, se adoptou o seguinte **ACORDO**:

**EXPEDIENTE 1407/2024. PROPOSTA DE APROBACIÓN DE INICIO DE PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS PREVISTAS NO PROXECTO "MELLORA DE ACCESOS A NÚCLEOS EN RUBÍN, LAMAS, OLIVES E CALLOBRE. PLAN CONCELLOS 2023"**

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

## FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Visto o proxecto redactado polo arquitecto técnico municipal e asinado en data 01/03/2024, denominado "Mellora de accesos a núcleos en Rubín, Lamas, Olives e Callobre. Plan Concellos 2023", cuxo orzamento xeral ascende a cento un mil seiscentos dezaseis euros con oitenta e oito céntimos (101.616,88 €), IVE incluído.

Considerando que, por Resolución da Alcaldía núm. 2024-0359, de 11 de marzo, acordouse, entre outros, aprobar o citado proxecto.

Considerando que, con data 05/03/2024, asinouse a acta de reformulo aos efectos previstos no artigo 236 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

Considerando que, aos efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, a Alcaldía, en calidade de órgano de contratación, considera necesario que se tramite un contrato para a execución das obras previstas no antedito proxecto a fin de dar cumprimento ao disposto na Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, para a mellora das infraestruturas vinculadas a servizos básicos nas áreas rurais que contribúan a mellorar a calidade de vida dos habitantes dos mesmos, sendo precisa a contratación administrativa en base á insuficiencia de medios persoais e materiais xa que non se dispón de equipos cos que realizar as actuacións proxectadas.

Visto o informe técnico de data 09/05/2024 no que, entre outros, xustifica a non división en lotes.





Vista a Memoria xustificativa sobre a necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación asinada polo señor alcalde con data 10/05/2024.

Vista a Providencia da Alcaldía de 10/05/2024, solicitando á Intervención a documentación relativa á existencia de crédito.

Visto o certificado de existencia de crédito de data 10/05/2024 e considerando que, en virtude do artigo 131 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, a adxudicación realizarase, ordinariamente, utilizando o procedemento aberto ou o restrinxido.

Visto o disposto nos artigos 116 e 117 e a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, así como a competencia da Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía (Resolución 2023-0854, de 20 de xuño).

Vista a proposta de resolución PR/2024/948, emitida con data 14/05/2024 pola Alcaldía-Presidencia.

## RESOLUCIÓN

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.-** Que se inicie o procedemento para a adxudicación do contrato para a execución das obras previstas no proxecto denominado "MELLORA DE ACCESOS A NÚCLEOS EN RUBÍN, LAMAS, OLIVES E CALLOBRE. PLAN CONCELLOS 2023", de data 01/03/2024, polo importe de 101.616,88 euros (desglosados en 83.980,89 euros máis 17.635,99 euros de IVE), por procedemento aberto simplificado.

**Segundo.-** Que se redacten e incorporen ao expediente os seguintes documentos:

- Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.
- Informe xurídico.
- Informe de fiscalización de Intervención.

**Terceiro.-** Que se Publique o presente acordo no perfil do contratante do órgano de contratación, de acordo co disposto na Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.

E, para que conste aos efectos oportunos no expediente da súa razón, expídese o presente de orde e co visto e praxe do señor alcalde, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

